



DATOS IDENTIFICATIVOS

Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade na educación primaria

Materia	Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade na educación primaria			
Código	O05G120V01301			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Martínez Vidal, Aurora			
Profesorado	Martínez Vidal, Aurora			
Correo-e	aurora@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/educacion-ou/			
Descrición xeral	Nesta materia abórdase o desenvolvemento e a aprendizaxe da motricidade entre os 6 e 12 anos. A motricidade desempeña un papel importante no desenvolvemento e aprendizaxe xeral do neno/a e ten repercusións na calidade de vida das persoas adultas, polo que é fundamental coñecer o proceso de desenvolvemento e aprendizaxe motora nesta etapa educativa.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B2	Capacidade de organización e planificación
B7	Resolución de problemas
B9	Traballo en equipo
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B17	Creatividade

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir recursos e estratexias para a intervención óptima no proceso de aprendizaxe do desenvolvemento motor	A1 B2
Comprender o proceso de aprendizaxe e desenvolvemento motor de 6 a 12 anos	A1
Adquirir recursos necesarios para o deseño de tarefas acordes co nivel de desenvolvemento motor	A2
Coñecer e aplicar instrumentos de avaliación do desenvolvemento motor	A2 A4
Concienciar da diversidade na aula e da necesidade de atención personalizada en función da capacidade	A4
Traballar en equipo	B9 B17
Mellorar a capacidade organizativa e de planificación no grupo e a capacidade creativa para afrontar diversas solucións ante o mesmo problema e adaptarse a situación en cada momento.	B7 B11 B17

Contidos	
Tema	
Desenvolvemento e aprendizaxe motor	Conceptos xerais e modelos explicativos
Desenvolvemento cualitativo da motricidade	Cualidades perceptivo-motrices e coordinativas. Habilidades motrices básicas. Avaliación perceptivo-motora e identificación de trastornos do desenvolvemento.
Desenvolvemento cuantitativo da motricidade	Crecedemento físico e desenvolvemento da condición física de 6 a 12 anos. Cualidades físicas. Avaliación das cualidades físicas.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Sesión maxistral	14	27.5	41.5
Traballos de aula	5	10	15
Prácticas de laboratorio	22	44	66
Presentacións/exposicións	6	12	18
Probos de tipo test	2	2	4
Cartafol/dossier	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Trátase de actividades co obxectivo de motivar para a materia e comprender o interese desta na súa formación: lectura de artigos e debate.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos básicos da materia utilizando recursos tecnolóxicos presentes na aula.
Traballos de aula	O alumnado realizará diferentes exercicios relacionados cos contidos (mapas conceptuais, deseño de follas de observación, estudo de casos...)
Prácticas de laboratorio	Aplicación dos contidos teóricos a situacións prácticas, co fin de adquirir habilidades e procedementos relacionados con situacións de aprendizaxe propios da materia.
Presentacións/exposicións	Exposición ante os compañeiros da resolución de problemas expostos no laboratorio (deseño de s actividades, aplicación de instrumentos...).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente no aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Traballos de aula	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente no aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Avaliarase a elaboración e exposición de propostas de estimulación e aprendizaxe realizadas en pequeno grupo (4 alumnos). Avaliarase a observación sistemática e análise doutras propostas de pequenos grupos.	20
Probos de tipo test	Probos para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades	40

Os criterios de avaliación son:

Identificación correcta das competencias adquiridas en cada bloque.

Elaboración de mapas conceptuais dos contidos teóricos de cada bloque.

Evidencias empíricas das prácticas realizadas e dos problemas resoltos no laboratorio.

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia e imprescindible alcanzar o 50% en cada apartado da avaliación.

Os alumnos non sistentes, ou que no acaden o 80% das asistencias, serán avaliados de modo seguinte: 60% o examen e 40% o portafolio, ademais das probas citadas, realizarán un exámen práctico oral relacionado coas competencias adquiridas a través da elaboración do portafolios.

As competencias non superadas, total ou parcialmente, na convocatoria de xunio poden superarse na convocatoria de xullo.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo 'datas exames 2013-14'

E importante a participación nas primeiras sesións da materia para comprender o proceso do seu desenvolvemento. Toda a información necesaria para superar a materia encóntrase na plataforma TEMA a disposición dos alumnos/as.

Bibliografía. Fontes de información

Conde Caveda, J.L. y Viciano Garófano, V., **Fundamentos para el desarrollo de la motricidad en edades tempranas**, editorial Aljibe,

Fernández García et al., **Evaluación de las habilidades motrices básicas**, Editorial Inde,

Granda y Alemany, **Manual de aprendizaje y desarrollo motor: una perspectiva educativa**, Paidós Educación Física, Mazón, V.; Sanchez, MJ; santamarta, JE; Uriel, JR, **Programación de educación física basada en competencias. Primaria**, Editorial Inde,

Ruiz Pérez, L.M., **Desarrollo, comportamiento motor y deporte**, Editorial Síntesis,

Ureña N. et al., **Las habilidades motrices en primaria: Programa de intervención**, Editorial Inde,

Recomendacións

Outros comentarios

Os contidos desenvolvidos nesta materia constitúen o fundamento da materia de educación Física en Educación Primaria, que se desenvolverá no próximo curso. Ambas materias contribúen a adquirir un perfil para a intervención a través da motricidade e tamén para a interrelación con outras áreas, como a expresión musical ou a expresión plástica.
